

CCOO ENSINO REXEITA A AVALIACIÓN LOMCE DE 3º DE PRIMARIA

As avaliacións finais de etapa de primaria (6º) e secundaria (4º) foron modificadas á espera do pacto educativo. Estas avaliacións xunto coa de Bacharelato perderon o carácter de requisito para poder aprobar. Mais a **avaliación de 3º de primaria** mantén as mesmas características do curso anterior e a Consellería de Educación volverá a facela os días **30 e 31 de maio** con carácter censal a todo o alumnado galego que cursa 3º de primaria, polo tanto **CCOO-Ensino volve a rexeitar esta proba**:

- Porque lexítima a repetición de curso como medida para resolver “problemas de aprendizaxe”
- Porque carece de rigor técnico e científico.
- Porque deslexítima a función docente, estigmatizando aos centros e aos profesionais que neles traballan.
- Porque non está contextualizada e non se adapta á diversidade do alumnado.
- Porque avalía contidos unicamente academicistas.
- Porque é un instrumento de fiscalización innecesario que anula a avaliación continua.
- Porque clasifica ao alumnado a unha idade moi temperá en base a un rendemento académico parcial

Calquera tipo de avaliación que non pretenda detectar os problemas do proceso de ensino-aprendizaxe co obxecto de establecer medidas que superen ditos problemas debe ser rexeitada. A avaliación de 3º de Educación Primaria entra dentro desta categoría.

Non realizar esta avaliación non ten consecuencias negativas para a promoción e titulación, pero realizala pode ter como consecuencia a repetición de curso.

CCOO-Ensino apoia a decisión das familias de non participar na realización da proba e facemos un chamamento ao profesorado para que colabore coas familias que tomen a decisión de que os seus fillos/as non realicen as probas.